

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2020

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 14.05 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistenciais:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Ángel López Fidalgo (PP).

Non asiste:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
María Jesús García Souto (PP).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Dase lectura a proposta da alcaldía , que transcrita literalmente li:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Periodicidade sesións plenarias

O día 15 de xuño de 2019 constituíse a Corporación municipal como resultado das eleccións municipais do 26 de maio.

O 4 de xullo de 2019 celebrouse sesión organizativa na que, entre outras cousas, acordouse a periodicidade das sesións plenarias cada tres meses.

O artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local dispón que o O Pleno celebra sesión ordinaria cada tres meses nos municipios de ata 5.000 habitantes.

Nembargantes, o artigo 210 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia dispón que o pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses.

A Lei 5/1997 sendo máis esixente coa periodicidade Plenaria dos Entes Locais non está a vulnerar pois o mínimo establecido. Xa que celebralas cada dous meses como obriga a Lexislación galega está incluído dentro dos prazos da LBRL que obrigan que como mínimo sexan cada tres meses, pero non impide que se celebren con máis asiduidade.

Así as cousas a norma aplicable en materia de réxime local na Comunidade de Galicia, é dita Lei 5/1997, publicada en virtude da competencia de desenvolvemento da normativa básica (Lei 7/1985) conferida á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iso habemos de determinar que as sesións deberán celebrarse como mínimo cada dous meses (como indica a lexislación galega) xa que está norma non vulnera o establecido na Lexislación estatal e celebrando sesións cada dous meses estaríase a actuar correctamente e de conformidade a dereito.

En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Establecer o seguinte réxime de sesións ordinarias do Pleno:

Periodicidade: cada dous meses.

Día: derradeiro martes dos meses de Xaneiro, Marzo, Maio, Xullo, Setembro e Novembro.

Hora: trece horas e quince minutos (13:15 h).

Lugar: Salón de sesións da Casa Consistorial, salvo forza maior.

SEGUNDO.- Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora festivo ou véspera de festivo, poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

TERCEIRO.- En casos excepcionais e concretos debidamente xustificadas, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facúltase ao Sr. Alcalde para modificar o día e a hora de celebración das sesións ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto de convocatoria.

Sendo esta a proposición que se somete ao Pleno, non obstante, este adoptará o acordo que estime conveniente”.

Ábrese o turno de intervencións polo sr. Ángel López Fidalgo e sinala que lles parece ben a periodicidade dos plenos proposta pero que dende que comezou a lexislatura houbo só dous plenos ordinarios polo que espera que o acordo se cumpra e se fagan cada dous meses, engade que espera que se cumpra a norma e tamén que se conte cos voceiros.

Intervén o sr. alcalde e afirma que o último pleno ordinario coincidía no 31 de decembro de 2019 e por iso se trasladou ao 7 de xaneiro de 2020. Afirma que tocaría outro pleno en abril pero que non se celebrou debido á situación do estado de alarma.

Pregunta o sr. López Fidalgo que cantos plenos ordinarios se celebraron a ano pasado.

Resposta o sr. alcalde que nesta lexislatura se fixo o de setembro e que o seguinte tocaba en decembro como xa dixo e se pasou ao 7 de xaneiro de 2020 e despois co estado de alarma non se podían celebrar sesións dos órganos colexiados ata que se pasou á fase II que se permiten reunións de ata 15 persoas.

O sr. López Fidalgo manifesta que poñer os plenos ás 13:15 horas non facilita a participación cidadá.

Resposta o sr. alcalde que se decidiu celebralos polas mañás porque así a xente que ven a facer trámites e xestións ao concello, se o desexan, se poden quedar para asistir ao pleno.

Rematado o debate procédese a votación da proposta da Alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

En contra (1): Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

SEGUNDO.APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO POLA QUE SE ESTABLECE QUE A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS FUNCIONE

COMO COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE PARA ASUNTOS RELATIVOS A ORZAMENTOS, ECONOMÍA E FACENDA.

Dase lectura a proposta da alcaldía , que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: Modificación do acordo de Creación Comisión Informativa Permanente de Contas e Facenda

O día 15 de xuño de 2019 constituíse a Corporación municipal como resultado das eleccións municipais do 26 de maio.

O 4 de xullo de 2019 celebrouse sesión organizativa e acordouse a creación da Comisión Especial de Contas de conformidade co establecido no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local que dispón que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.

Nese acordo otorgouse o carácter de comisión informativa permanente para asuntos relativos a Orzamentos, Economía e Facenda.

Dadas as características do Concello de Sobrado e para gañar axilidade na tramitación de asuntos relativos aos orzamentos, modificacións presupostarias, ordenanzas fiscais etc... se estima convinte eliminar o carácter de comisión informativa permanente da Comisión Especial de Contas para asuntos relativos a Orzamentos, Economía e Facenda.

En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o punto terceiro no que se acorda que a Comisión especial de Contas terá carácter de comisión informativa permanente para asuntos relativos a Orzamentos, Economía e Facenda. “

Se inicia o debate polo sr. López Fidalgo que manifesta que se segue cunha forma de proceder dictatorial.

O sr. alcalde explica que se decidiu eliminar o carácter permanente da Comisión Especial de Contas como Comisión informativa permanente seguindo o consello da secretaria de que era máis propio de concellos de maior poboación e para axilizar a tramitación de expedientes.

Rematado o debate procédese a votación da proposta da Alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

En contra (1): Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

TERCEIRO. SORTEO DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO AUTONÓMICO DO VINDEIRO 12 DE XULLO DE 2020

A continuación dáse conta ao Pleno, que según se dispón no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 9 de xuño do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1.987, 8/1.991 e 8/1999, de 2 de abril; 13 de Marzo e 21 de abril, respectivamente, compete a este concello a función das Mesas Electorais, baixo a supervisión da Xunta Electoral de Zona de Betanzos.

Cumpridas todas as formalidades legais establecidas, procedéuse a efectuar o sorteo automático , resultando elixidas as persoas que se expresan e para os cargos que se sinalan:

Distrito 1, Sección 1, Mesa A.

Titulares:

Presidente/a: León Vázquez María Inmaculada
1er Vocal: Pacín Carreira, José María
2do Vocal: Seoane López Rocío

Suplentes:

De Presidente/a: Freire Zas Jorge
De Presidente/a: Andrade Morelle María Sol
De 1er Vocal: Mato Carreira José Luis
De 1er Vocal: Carreira Otero Alba
De 2do Vocal: Neira Veiga Cristina
De 2do Vocal: Raposo Vázquez M. Pilar

Distrito 1, Sección 1, Mesa B.

Titulares:

Presidente/a: Cardesín Abad Gerardo
1er Vocal: Pintor Castro Gonzale
2do Vocal: Coego Vaamonde Armindo

Suplentes:

De Presidente/a: Valiño Ares Laura

De Presidente/a: Méndez Pardo María Ángeles
De 1er Vocal: Alonso Amboage Inés
De 1er Vocal: Neira López Mónica
De 2do Vocal: Corredoira Millares José Ángel
De 2do Vocal: Espiño Pacín María Virtudes

Distrito 2, Sección 1, Mesa A.

Titulares:

Presidente/a: Lodeiro Merelas Marta
1er Vocal: Suárez Ramos Alejandro
2do Vocal: Boado Castro Alberto Manuel

Suplentes:

De Presidente/a: Lata Neira Cristina
De Presidente/a: Vázquez Sánchez Ángel David
De 1er Vocal: Ramos García Lucía
De 1er Vocal: Lodeiro Miragaya Manuel
De 2do Vocal: Vázquez Pedreira Yolanda
De 2do Vocal: Ramos Fernández Antonio

Distrito 2, Sección 1, Mesa B.

Titulares:

Presidente/a: Vizcaíno Gómez José Antonio
1er Vocal: Bernárdez Sánchez Rubén
2do Vocal: Seoane Fernández Sergio

Suplentes:

De Presidente/a: Fragío Ramos Álvaro
De Presidente/a: Zas García Vanesa
De 1er Vocal: Sánchez Martínez Sergio
De 1er Vocal: Estraviz Castro María José
De 2do Vocal: López Vidal José Antonio
De 2do Vocal: Ramos Fernández José

Distrito 2, Sección 1, Mesa C.

Titulares:

Presidente/a: Maceiras Vázquez José Manuel
1er Vocal: Vázquez Sánchez M. Luisa
2do Vocal: Calvo Barral Carlos

Suplentes:

De Presidente/a: Freire López Mónica
De Presidente/a: Vázquez Calvo José Óscar
De 1er Vocal: López Ordóñez Alba
De 1er Vocal: Seoane Ares Manuel José

De 2do Vocal: Ramos Pérez Iván
De 2do Vocal: Seijas Vázquez Begoña

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14.45 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE